



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES

Exptes relacionados: 2020000007711-2020000007712-2020000007713

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN Nº 14476/2020, DE NOMEAMENTO DO TRIBUNAL DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS DA PROVINCIA PARA O ANO 2020

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

RESOLVO

Modificar a resolución nº 14476/2020, de nomeamento do tribunal das Bolsas para deportistas da provincia para o ano 2020, no senso de que

Onde dí:

Presidente: Cristina Capelán Cancelo, Presidenta da Comisión de Deporte e Mocidade, por delegación do Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Debe dicir:

Presidenta: Sandra González Castro, deputada con delegación especial en materia de Educación e Xuventude

Polo tanto, o texto definitivo da Resolución será o seguinte:

De conformidade coa Base Quinta das bolsas para deportistas da provincia para o ano 2020, aprobadas por Resolución da Presidencia 2020 / 7601, e publicadas no BOP número 42 de data 3/03/2020. E logo de ver os informes da Sección de Cultura e Deportes e do Servizo de Fiscalización,

RESOLVO:

1.- Nomear ao tribunal das bolsas para deportistas da provincia para o ano 2020, que estará constituído polas persoas seguintes:

Presidenta: Sandra González Castro, deputada con delegación especial en materia de Educación e Xuventude

Vogais: Miguel Sánchez Ortiz
Eduardo Blanco Pereira
José Manuel Carballo Martínez

Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat Ruiz, xefa do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, ou, no caso da súa ausencia, Manuela Muñiz Souto, xefa da Sección de Cultura e Deportes.

2.- Fixar os honorarios que se abonarán as persoas do tribunal, de acordo co seguinte:

Expediente	Nome e apelidos	NIF	Importe Honorarios
2020000016686	Miguel Sánchez Ortiz	***8769**	400,00 €
2020000016701	Eduardo Blanco Pereira	***1471**	400,00 €
2020000016702	José Manuel Carballo Martínez	***4592**	400,00 €

3.- Establecer as seguintes instrucións en materia de protección datos, de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais:

- O responsable do tratamento é a Deputación da Coruña.
- As persoas que realicen calquera tratamento cos datos de carácter persoal aos que teñan acceso con motivo da súa participación neste tribunal, terán a consideración de “encargado do tratamento” e o acceso á información de carácter persoal necesaria para a realización dos traballos non suporá “comunicación de datos”, a efectos do disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos.
- Unha vez finalizados os traballos de valoración das solicitudes de bolsas, as persoas que integran este tribunal deberán devolver á Deputación provincial da Coruña todos os documentos ou soportes informáticos en que puidese constar algún dato de carácter persoal.
- Cando os encargados do tratamento incumplan o deber de gardar secreto sobre os datos de carácter persoal dos que teñan coñecemento por razón de seren integrantes da comisión técnica, a deputación poñerá en coñecemento da Axencia de Protección de Datos, quedando os devanditos encargados suxeitos ás sancións que aquela puidese imporlle.

4.- Aboar no seu día, previa retención do I.R.P.F. correspondente, os honorarios, que acadan a cantidade total de 1.200,00 €, con cargo á partida 0612/3411/22609 do vixente orzamento, e datos contables seguintes:

Expediente	Nome e apelidos	NIF	Importe honorarios	N.º operación RC
2020000016686	Miguel Sánchez Ortiz	***8769**	400,00 €	220200014791
2020000016701	Eduardo Blanco Pereira	***1471**	400,00 €	220200014792
2020000016702	José Manuel Carballo Martínez	***4592**	400,00 €	220200014793

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.